



## El asombroso viaje de Pomponio Flato


Eduardo Mendoza

A novela máis ferozmente divertida de Eduardo Mendoza narra as andanzas dun desastroso detective romano no Nazaret do século I. Pomponio Flato viaxa polos confins do Imperio romano na procura dunhas augas de efectos portentosos. O azar e a precariedade da súa fortuna lévanlo a Nazaret, onde vai ser executado o carpinteiro da aldea, convito do brutal asasinato dun rico cidadán. Moi ao seu pesar, Pomponio vese inmerso na solución do crime, contratado polo máis extraordinario dos clientes: o fillo do carpinteiro, un neno candoroso e singular, convencido da inocencia de seu pai, home en aparencia pacífico e taciturno, que oculta, porén, un grande segredo. "É unha aventura entretida e divertida" (María Valcárcel Gómez 1.º BAC-C)

## Madame Bovary

Gustave Flaubert

*Madame Bovary* é a novela máis ambiciosa de Flaubert. Protagoniza este cativador relato Emma Bovary, unha fermosa muller de temperamento inquieto e soñador, insatisfeita coa vida de rutina provinciana que lle brinda a súa voda cun médico de carácter bondadoso e espírito prosaico. Atrapada pola saudade dun vivir que concibe como unha perpetua primavera, Madame Bovary vaise adentrar no camiño da transgresión das regras morais da súa época, enfrontándose co desprezo da sociedade e coa súa propia perdición individual. "Recoméndoo por ser un libro de gran calidade e bo para esta idade e superiores" (Andrea Aguilera Merelas 1.º BAC-B)





## Diccionario de nombres propios

Amélie Nothomb

Conta a historia de Plectrude, unha nena que nace no cárcere porque súa nai unhas semanas antes matou a seu pai, e que, unha vez bautizada –para asegurar que o seu nome fose ese, o verdadeiramente especial Plectrude– queda orfa: súa nai cólgase dunha viga. Crece cos seus tíos e primas, e é unha nena "diferente": belísima e especialmente dotada para a danza, resulta ser nula para os estudos e a relación social. Mimada pola súa nai/tía, todo se vira cando o rapaz do que se namora non lle corresponde e despois o fado –e a súa pouca sensatez– acaban coa posibilidade de dedicarse á danza. "É unha obra curta chea de sorpresas e de cambios que a fan totalmente impredecible. Fai que te preguntes se che gustaría ser como a protagonista" (Andrea Aguilera Merelas 1.º BAC-B)



Bo Nadal e moitos libros,  
discos e películas para a todos!



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.ª Victoria Fernández de España n.º 2  
15002 A Coruña  
Tel.: 981 20 30 00  
E-mail: jrabad@edu.xunta.es

Visita o **blogue da biblioteca:**

<http://bibliozalaeta.blogaliza.org/>

e a **páxina do Instituto:**


<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



# A lenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal





**Oliver Twist**  
**Charles Dickens**


A obra literaria de Charles Dickens é unha das referencias fundamentais da narrativa do século XIX. Publicada por entregas entre 1837 e 1839, Oliver Twist narra a historia dun orfo abandonado nun hospicio e empurrado logo á mala vida. O pulo dos personaxes, a vívida descrición de ambientes e o sentido do humor son elementos que o escritor inglés combina con mestría para contar

unha historia en que a opresión social e a dominación do home polo home son criticadas coa vizosa imaxinación coa que o protagonista dun conto de fadas se enfrenta a un ogro, coas armas da literatura. "Gústame moito a súa vida e como a vive" (Daniel García García 1.º ESO-C).

**Diario de Greg: un pringao total**

**Jeff Kinney**


Greg Heffley, é un estudante de instituto que no seu diario persoal nos conta as súas desventuras. Durante todo un curso escolar narrará as súas vivencias e como xunto ao seu amigo Rowley lidará con rapaces que lle sacan dúas cabezas e se barbean dúas veces ao día, cando el, aínda non pegou o estirón. *Diario de Greg* é unha curiosa combinación de literatura co debuxo do comic: texto e debuxo entrelazados facendo a medias a narración. Nada de ilustracións ou debuxos de apoio, texto e debuxo forman o libro. O seu estilo é rápido sen adornos innecesarios, lese a bo ritmo e non cesa de haber acción en cada páxina. "Me rei muchísimo, es graciosísimo" (Jacobo Vega Barro 1.º ESO-A).



**Contos por palabras**  
**Agustín Fernández Paz**

Este libro consta dunha serie de contos cuxa característica común é que todos se desenvolven a partir dos anuncios por palabras dos xornais que nos conducen a fascinantes historias. Vellos mitos adaptaranse nelas aos tempos que vivimos, desde o bruxo tradicional que para acadar o éxito na súa profesión realiza un Máster de Dirección de Empresas, ou a reciclaxe dun heroe do cómic en empregado-estrela, até o distinguido home-

lobo que en só tres lúas namorará á rapaza axeitada. Humor e moito afán de superación abrollan en todos os seres que buligan polas páxinas deste libro e os sentimentos convierten ante os nosos ollos as criaturas fantásticas en humanos. "É un libro variado onde tes moitos contos para elixir. Ten algúns moi bos" (Laura Limeres Otero 1.º ESO-A)



**Ghostgirl**  
**Tonya Hurley**

"¿Alguna vez te sentiste invisible? En el mundo yo era una persona más, pero deseaba ser el mundo para una persona". Charlotte Usher séntese practicamente invisibel até que un día o é de verdade. Peor aínda: está morta. E todo por culpa dun osiño de goma. Pero a morte non impide que Charlotte siga co seu plan. Todo o contrario, vólvese moito máis creativa e fará calquera cousa por conseguir o seu obxectivo: ser popular para seducir o rapaz que ama. Xa saíu a segunda parte do libro. "Lino varias veces porque me encantou. A súa opinión de reflexar a vida dunha rapaza adolescente que non pode cumprir o que soña é moi semellante á realidade". (Valeria Santaya Pérez 1.º ESO-A).

3.º e 4.º de ESO

**O divino sainete**

**Manuel Curros Enríquez**

É un poema satírico de tipo caricaturesco que narra a peregrinación de Curros Enríquez a Roma, guiado por Añón (que se presenta como capitán da Santa Compañía galega) con motivo do ano jubilar celebrado polo pontífice León XIII. Mediante a deformación da Divina Comedia de Dante, Manuel Curros Enríquez utiliza esa obra como modelo para caricaturizar o mundo clerical da época e certas institucións e personaxes do mundo político e cultural galego. Trátase dunha obra de grande vigor expresivo e forte sentido narrativo. Tremendamente polémica no seu tempo, foi unha das obras galegas máis lidas e editadas. "Porque me lo recomendaron" (Ramiro Edeira Pato 4.º ESO-A)



**El enigma de Akenatón**

**Philip Kerr**



John e Phillipa Gaunt son dous irmáns mellizos, pero moi diferentes fisicamente, que viven nun exclusivo barrio de Manhattan. Pouco antes de facer os 12 anos, o seu dentista descobre sorprendido que teñen xa moas do siso e ten que extraírllelas. A partir desta operación, os rapaces descubren, grazas ao tío inglés Nimrod, que pertencen a unha familia de xenios, os Marid, que son os gardiáns da sorte do universo, e son capaces de conceder tres desexos. No seu adestramento comezan unha aventura que os leva cara a un percorrido por diferentes culturas e países como Londres, Exipto, Rusia e o Polo Norte. "É un libro bastante fácil de ler e interesante sobre todo para as persoas que lles gustan as historias de Exipto ou de maxia". (Adriana Gómez Redondo 3.º ESO-C)



**Xogo sucio**  
**Manuel de Pedrolo**


Un rapaz tímido, cun traballo insulso e que vive con súa nai nunha casoupa, coñece unha rapariga preciosa na parada do autobús. Non pode crer o que lle está pasando. Namóranse perdidamente, aínda que teñen que verse ás escondidas a petición dela. Todo é de cor de rosa e parece que esteamos lendo unha novela romántica, até que, de repente, todo dá un volco cando a moza lle pide que faga algo moi concreto en proba do seu amor ou terán que deixar de verse. A paixón amorosa levarao a facer cousas das que nunca se consideraría capaz. As

ambicións durmidas e a arela de empender unha vida nova, diferente á que lle tocou en sorte pola súa modesta condición social, son outros elementos dos que Manuel de Pedrolo, autor de *Mecanoscrito da segunda orixe*, bota man para dotar a este relato dunha visión realista e crítica da sociedade contemporánea.

**La catedral del mar**

**ldefonso Falcones**

No barrio de pescadores de La Ribera barcelonesa deciden os seus habitantes realizar o maior templo mariano xamais coñecido: Santa Maria del Mar, construción paralela á azarosa historia de Arnau, un servo que foxe dos abusos do seu señor feudal e se refuxia en Barcelona, onde se converte en cidadán e home libre. O xove Arnau dedicase a diversos traballos. Unha vida extenuante, sempre ao amparo da catedral do Mar, que o vai levar da miseria do fuxitivo á nobreza e á riqueza. Pero con esta posición privilexiada tamén lle chega a enveixa dos seus pares, que urden unha sórdida conxura que pon a súa vida en mans da Inquisición... "Me gustó" (Ramiro Edeira Pato 4.º ESO-A)



**Bacharelato, Ciclos Formativos e adultos**



**Alexandra**  
**Lola Gándara**

Todo comezou coa desaparición de Alexandra, unha noite de concerto. Ao tentar atopala, descubrín até que punto influíra na miña vida e na dos meus amigos. Pero en cada un de nós, Alexandra era diferente e non tiña nada que ver coa rapaza que pasou connosco unha tempada. Tentei descubrir o misterio da súa desaparición e dei cunha historia do pasado que me deixou abraiada. Como dixó na clase a

profesora de literatura: «A forza da traxedia está na desmesura das paixóns e no destino trágico dos protagonistas. Non poden eludilo, son vítimas e verdugos». "Recoméndoo pola destacada intriga que mantén ao lector durante toda a obra" (Ana Calvo Ibáñez 1.º BAC-A).